

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Bioloxía e xeoloxía	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Bioloxía e Xeoloxía busca o desenvolvemento da curiosidade e a actitude crítica, así como o reforzo das bases da alfabetización científica, que lle permita ao alumnado coñecer o seu propio corpo e a súa contorna para adoptar hábitos que lle axuden a manter e a mellorar a súa saúde e cultivar actitudes, como o consumo responsable, o coidado ambiental, o respecto cara a outros seres vivos ou a valoración do compromiso cidadán co ben común. A adquisición e o desenvolvemento destes coñecementos e destrezas permitiránlle ao alumnado valorar o papel fundamental da ciencia na sociedade. Outro dos aspectos esenciais desta materia é o estudo e a análise científica e afectiva da sexualidade, a través dos cales o alumnado poderá comprender a importancia das prácticas sexuais responsables e desenvolver rexeitamento cara a actitudes de discriminación baseadas no xénero ou na identidade sexual. Así mesmo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía perseguirá impulsar, especialmente entre as alumnas, as vocacións científicas. A través desta materia, consolídase tamén os hábitos de estudo, foméntase o respecto, a solidariedade e o traballo en equipo e promóvese o perfeccionamento lingüístico, ao ser a cooperación e a comunicación parte esencial das metodoloxías de traballo científico. Ademais, animarase o alumnado a utilizar diferentes formatos e vías para comunicarse e cooperar, destacando entre estes os espazos virtuais de traballo. O traballo grupal será unha ferramenta para a inclusión social de persoas diversas que tamén se fomentará no ámbito da materia de Bioloxía e Xeoloxía.

A natureza científica desta materia contribúe a despertar no alumnado o espírito creativo e emprendedor, que é a esencia mesma de todas as ciencias. A investigación mediante a observación de campo, a experimentación e a busca en diferentes fontes para resolver cuestións ou contrastar hipóteses de forma tanto individual como cooperativa son elementos constituíntes deste currículo. As principais fontes fiables de información son accesibles a través da internet, onde conviven con informacións negadas, incompletas ou falsas, polo que en Bioloxía e Xeoloxía se fomentará o uso responsable e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación dentro do contexto das materias.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía traballa saberes das ciencias xeolóxicas e da vida como vía para o desenvolvemento das competencias clave e pretende como fin último unha plena integración cidadá do alumnado no eido profesional, social e emocional. Esta materia debería capacitar o alumnado para actuar con xuízo e curiosidade críticos, con inquietude polas cuestións éticas e co apoio á seguridade e á sustentabilidade ambiental, en particular no referido ao progreso científico en relación cun mesmo, coa familia, coa comunidade e cos problemas globais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Método científico. Artigo científico.		8	6	X		
2	Organización do corpo humano.		11	7	X		
3	Nutrición I: aparellos dixestivo e respiratorio		11	8	X		
4	Nutrición II: aparellos circulatorio e excretor.		10	8	X	X	
5	Alimentación.		10	8		X	
6	A relación I: sistemas nervioso e hormonal.		10	8		X	
7	A relación II: os sentidos e o aparello locomotor.		10	6		X	X
8	Reprodución e sexualidade: aparello reprodutor.		10	8			X
9	Saúde e enfermidade.		10	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Riscos xeolóxicos internos.		10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Método científico. Artigo científico.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.	PE	50
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas utilizando métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica, de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	50
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

UD	Título da UD	Duración
2	Organización do corpo humano.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Coñecemento dos postulados da teoría celular.	PE	75
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Describir estrutura básica dos virus		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Utilizar terminoloxía adecuada	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares.

UD	Título da UD	Duración
3	Nutrición I: aparellos dixestivo e respiratorio	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, do aparello dixestivo e respiratorio Coñece os compoñentes do aparello dixestivo e respiratorio	PE	75
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Recoñece a función dos compoñentes do aparello dixestivo e respiratorio		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	25
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.

UD	Título da UD	Duración
4	Nutrición II: aparellos circulatorio e excretor.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, do aparello circulatorio e excretor Coñece os compoñentes do aparello circulatorio e excretor	PE	75
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Recoñece a función dos compoñentes do aparello circulatorio e excretor		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	25
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.

UD	Título da UD	Duración
5	Alimentación.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	PE	80
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Identifica os principais trastornos da conducta alimentaria.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	20
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir a información con base científica sobre a alimentación e nutrición de pseudociencias e crezas infundadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
6	A relación I: sistemas nervioso e hormonal.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación.	PE	75
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Identificar a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Identificar as características das drogas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	25
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Identifica as situacións de risco para a saúde relacionadas có consumo de drogas		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
7	A relación II: os sentidos e o aparello locomotor.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación.	PE	70
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	30
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Comprender a relación entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
8	Reprodución e sexualidade: aparello reprodutor.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Identificar as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	PE	65
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Identifica as situacións de risco para a saúde relacionadas coa sexualidade		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos a partir da utilización de diversas fontes de información.	TI	35
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Identificar as diferencias entre a reprodución e a sexualidade		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Reprodución e sexualidade. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: - Infeccións de transmisión sexual (ITS). - Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado. - As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.

UD	Título da UD	Duración
9	Saúde e enfermidade.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.	PE	70
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Diferenciar as enfermidades infecciosas e non infecciosas		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Conocer o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.	TI	30
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica, de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir a información con base científica sobre a saúde e enfermidade, de pseudociencias, teorías conspiradoras e crenzas infundadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía. - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
10	Riscos xeolóxicos internos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos xeolóxicos.	PE	70
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar os riscos naturais.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Medidas de predición e prevención dos risco sísmico e volcánico	TI	30
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais.

De acordo coa pretensión da LOMLOE dunha aprendizaxe por competencias, caracterizada pola transversalidade, o dinamismo e o carácter integral, empregarase unha metodoloxía activa que potencie a ensinanza construtivista. Partindo da competencia inicial do alumnado, os métodos empregados terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos, promoverán a aprendizaxe en equipo, permitirán establecer a conexión entre os coñecementos teóricos e a súas aplicacións prácticas e, fomentarán o uso habitual das TICs.

Todas as aulas nas que se imparte docencia posúen pizarras dixitais e canóns de proxección e todo o alumnado conta con ordenador portátil, polo que para a posta en práctica da programación utilizarase Edixgal, que ofrece un amplo abano de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Estratexias metodolóxicas.

Estas terán por reto que todos e todas podan aprender, é dicir, a personalización do ensino e da aprendizaxe. Así,

empregaranse diversos recursos e estratexias metodolóxicas co fin de chegar á personalización do ensino-aprendizaxe e á inclusión de todo o alumnado, destacan entre as estratexias empregadas:

- Aplicación de diferentes técnicas de aprendizaxe en equipos cooperativos.

- Tutoría entre iguais.

- Aprendizaxe baseado en proxectos.

No desenvolvemento das estratexias indicadas arriba o alumnado poñerá en práctica o seguinte:

- Lectura comprensiva.

- Memorización comprensiva.

- Elaboración de sínteses.

- Observación e interpretación de debuxos, fotografías, mapas, etc.

- Visualización de vídeos didácticos, presentacións, películas, documentais, etc.

- Elaboración de informes, traballos sobre temas diversos, debuxos, representativos dun tema, exemplificacións, etc.

- Exposicións orais, de xeito individual o en grupo, axustadas a un plan o guión previsto.

- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, páxinas web, etc.

- Análise, interpretación e construción de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos, liñas do tempo, árbores xenealóxicas, etc.

- Resolución de problemas.

- Realización de acrósticos e sopas de letras sobre vocabulario científico.

- Realización de Proxectos.

- Prácticas de laboratorio.

- Saídas ao medio con exploración activa da realidade.

- Elaboración de fichas de laboratorio.

- Visitas guiadas a empresas, industrias, museos, espazos verdes, etc.

- Conferencias científicas a cargo de expertos/as.

- Simulacións.

Secuenciación habitual de traballo na aula.

Para construír coñecemento as clases serán unha combinación de diversas actividades, nas que o profesor/a actuará de guía e mediador buscando a aprendizaxe significativa de todos os estudantes.

Cada unidade traballarase seguindo o seguinte esquema usando as estratexias metodolóxicas máis axeitadas en cada caso:

- Exploración dos coñecementos previos.

- Motivación:

Presentación da actividade con textos, fotos, vídeos, noticias, mapas, gráficos ,etc.

- Información do profesor/a.

O profesor/a aportará:

Información básica para todo o alumnado.

Información complementaria para reforzo e apoio.

Información complementaria para afondamento e ampliación.

A exposición do tema sempre comezará cun guión inicial como punto de referencia en calquera momento da explicación e para facilitar unha visión global.

- Traballo do alumnado:

Lectura e comprensión de textos.

Resolución e revisión de exercicios.

Actividades prácticas.

Actividades de investigación.

Reflexión final: mediante actividades de síntese que lles axuden a asimilar as novas ideas ás xa aprendidas, e adquirir

unha visión global do tema.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material didático
Material de laboratorio
Material informático

- Material didáctico: fichas, murais, modelos, revistas, xornais, enciclopedias, libros e películas da biblioteca escolar.
- Material de laboratorio de Ciencias Naturais.
- Material informático: ordenador, internet, material subido a e-dixgal, encerado dixital, aplicacións do teléfono móbil.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é o punto de partida para a elaboración desta programación e a planificación inicial da atención á diversidade. O seu obxectivo é coñecer e valorar a situación inicial dos alumnos e alumnas en canto a nivel de desenvolvemento das competencias clave e o dominio dos contidos da materia.

Levarase a cabo no primeiro mes de curso. Para iso, por unha banda, dedicarase unha sesión da primeira semana a actividades deseñadas especificamente para avaliar aspectos relacionados coa Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO, coincidentes co currículo desta materia de cursos anteriores, incluídos os últimos cursos de Educación Primaria. Estas actividades consistirán nunha actividade grupal a acerca de anatomía humana á que responderán durante a primeira metade da sesión; na segunda metade, responderán de modo individual a 10 preguntas de fisioloxía e saúde humana a través dun cuestionario deseñado en e-dixgal.

O outro modo de coñecer cal é o punto de partida do alumnado deste curso é o rexistro do traballo individual durante o primeiro mes de curso. Neste sentido, recollerase información das intervencións na aula, os exercicios orais e escritos individuais e grupais e a actitude ante a materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	11	11	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	50	75	75	75	80	75	70	65	70	70
Táboa de indicadores	50	25	25	25	20	25	30	35	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	71

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	29

Criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

1. Probas escritas.

1.1. Exames. Realizarase dous por trimestre.

1.2. Cuestionarios. O alumnado responderá a unha batería de entre 10 e 20 preguntas en e-dixgal nun período de tempo nunca superior a 25 minutos.

1.3. Fichas de campo e laboratorio. Cumprimentación sistemática e detallada de actividades prácticas de campo e de laboratorio, realizaranse en todas as ocasións que o alumnado pase a sesión de Bioloxía e Xeoloxía nestes espazos.

2. Táboa de indicadores.

2.1. Proxecto de Investigación. Desenvolvemento e defensa de traballos de investigación nos que integren as aprendizaxes adquiridas de xeito planificado e coordinado seguindo o método científico.

2.2. Observación da actitude e o traballo na aula. Avaliarase mediante unha rúbrica na que se valorarán aspectos como a atención, esforzo, respecto, participación, realización e calidade dos exercicios orais e escritos tanto individuais como grupais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

-- Probas escritas.....75%

Exames60%

Cuestionarios e fichas de laboratorio15%

-- Táboa de indicadores.....25%

Proxecto de investigación en grupos cooperativos.....5%

Observación da actitude e o traballo na aula.....20%

Se nalgún trimestre non houbera tempo de realizar o proxecto de investigación, esta porcentaxe da nota pasará a formar parte da correspondente ós cuestionarios e fichas de laboratorio.

A cualificación de final de curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para superar a materia teranse en conta os seguintes condicionantes (independentemente da orde das notas, EXCEPTO NOS 3 PRIMEIROS APARTADOS):

- ----4+ 5+5(ou >) -----non se esixe recuperación SEMPRE QUE O 4 NON SEXA A NOTA DA ÚLTIMA AVALIACIÓN. De non ser así, recuperarase a última avaliación.

- ----4+4+6(ou >) ----- non se esixe recuperación SEMPRE QUE O 6 SEXA A NOTA DA ÚLTIMA AVALIACIÓN. De non ser así, recuperarase a última avaliación.

- ----6(ou >)+3+5----- non se esixe recuperación SEMPRE QUE O 3 NON SEXA A NOTA DA ÚLTIMA AVALIACIÓN. De non ser así, recuperarase a avaliación suspensa.

- ----5+3+5-----recuperarase a avaliación suspensa.

- ----5+4+4-----realizarase a recuperación dunha avaliación, aquela onde se obtivo menor puntuación con decimais.

- ----6 (ou >)+4+3----- recuperación dunha avaliación: a cualificada con menor nota.

- ----4+4+4-----recuperación de dúas avaliacións, aquelas onde se obtivo menor puntuación con decimais.

- ----5+4+3-----recuperación das dúas avaliacións suspensas.

- Con cualificacións globais inferiores ás combinacións propostas realizaranse as recuperacións de todas as avaliacións suspensas.

Independentemente das recuperacións esixidas poderanse pedir tamén exercicios ou traballos que garantan o

aprobado final, e terase en conta o esforzo realizado ao longo do curso, así como o interese e a actitude mostrados cara á materia.

Criterios de recuperación:

-- Procedemento de recuperación de cada avaliación.

Cando o/a alumno/a non acade unha cualificación igual ou superior a 5 nunha avaliación, poderá realizar unha proba escrita de recuperación da parte ou partes necesarias tras a avaliación correspondente. Estas probas serán do mesmo tipo que as realizadas durante o curso. A cualificación acadada, de ser superior, substituirá á da parte suspensa.

-- Procedemento de recuperación da materia.

Os alumnos que teñan que recuperar unha ou máis avaliacións segundo o exposto no apartado criterios de cualificación, deberán realizar antes da avaliación final unha proba escrita elaborada a partir do traballado na avaliación ou avaliacións suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non hai alumnado coa materia de Bioloxía e Xeoloxía pendente doutros cursos. Se o longo do curso, por motivos de matrícula, xurdira a necesidade de avaliar a pendentes, procederase do seguinte modo:

Ao comezo do curso proporáselles aos alumnos/as pendentes un plan de traballo por entregas, individualizado e debidamente titorizado, formado por un conxunto de actividades secuenciadas e temporalizadas, con recursos de consulta para a súa correcta resolución.

Este plan de traballo está á disposición dos alumnos/as na aula virtual do EVA-Edixgal.

Instrumentos de avaliación:

-- Resolución correcta e entrega puntual das actividades propostas: ata 6 Puntos.

(Ata 5 puntos : resolución correcta das actividades. 1 Punto: entrega puntual das actividades).

-- Probas escritas: ata 4 Puntos. Para sumar na cualificación final a cualificación mínima esixida en cada proba será de 2 puntos sobre 4 (equivalente a 5 puntos sobre 10).

Proba 1. No mes de novembro realizarase unha proba escrita de carácter eliminatorio sobre a materia traballada nas actividades incluídas na parte 1.

Proba 2. No mes de febreiro I realizarase unha proba escrita de carácter eliminatorio sobre a materia traballada nas actividades incluídas na parte 2.

Proba 3. No mes de abril realizarase unha proba escrita sobre a materia traballada nas actividades incluídas na parte 3 ou unha proba única de toda a materia non superada.

A cualificación final será a suma da cualificación obtida na resolución das actividades e a da conseguida nas probas escritas (se procede).

6. Medidas de atención á diversidade

A atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) en E.S.O farase de acordo co establecido na LOMLOE: Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, sempre asesorados polo Departamento de Orientación. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de E.S.O estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na normativa que o desenvolve.

Os alumnos que teñan necesidades educativas especiais poderán beneficiarse de fórmulas de exención parcial en determinadas materias, cunha proposta específica de contidos, metodoloxía, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Os alumnos que se incorporan de forma tardía ao sistema educativo, recibirán unha atención específica simultánea á súa escolarización en grupos ordinarios cos que compartirá o maior tempo do horario semanal. Nos casos nos que presente graves carencias na lingua oficial o alumno recibirá atención específica que, en calquera caso, realizarase

de maneira simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios.

Cos alumnos de altas capacidades intelectuais ou especialmente motivados para a aprendizaxe , adoptaranse programas de enriquecemento e/ou ampliación curricular adecuados ás devanditas necesidades.

Finalmente, concretar que atención á diversidade é a atención a todo o alumnado da aula, non soamente a aquel que precisa dunha axuda ou apoio específico. Así, procurarase a mellor atención á diversidade posible mediante diferentes recursos e estratexias metodolóxicas, tal e como se explica no apartado 4 desta programación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X

	UD 9	UD 10
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Saídas didácticas polos aledaños do centro	Saídas á contorna do centro para levar a cabo investigacións nas que se aplique o método científico.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
C o l a b o r a c i ó n d a s f a m i l i a s .
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Ofrecer a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Comunicar ao alumnado de forma inmediata os resultados dos instrumentos de avaliación.

Combinación do traballo individual co traballo cooperativo.

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Incorporación das TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.

Prestar atención aos temas transversais vinculados a cada unidade.

Descrición:

Estes indicadores de logro, utilizando unha ESCALA: 1 2 3 4 5), pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a revisión e avaliación da P.D. utilizaráanse indicadores de logro seguindo unha ESCALA 1 2 3 4 5.

Nas reunións de departamento comentarase o grao de consecución dos indicadores de logro e na memoria final de curso reflectirase os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

INDICADORES DE LOGRO: ESCALA 1 2 3 4 5.

- 1.- Deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- 2.- Secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- 3.- Desenvolvemento da programación de acordo coa secuenciación e temporalización.
- 4.-Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 5.-Establecemento dunha secuencia habitual de traballo na aula.
- 6.- Fixación dun grao mínimo de consecución de cada criterio de avaliación.
- 7.- Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
- 8.- Uso de varios instrumentos para a avaliación de cada criterio.
- 9.- Desenvolvemento dos temas transversais asociados a cada unidade.
- 10.- Características dos materiais utilizados (adecuados, atractivos e de fácil manipulación para o alumnado).
- 11.-Establecemento do procedemento de acreditación de coñecementos previos.
- 12.- Establecemento de pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 13.- Establecemento de criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- 14.- Establecemento de criterios para a avaliación final.
- 15.- Establecemento de criterios para a avaliación extraordinaria.
- 16.- Establecemento de criterios para o seguimento e avaliación de materias pendentes.
- 17.- Elaboración dos exames tendo en conta o peso de cada criterio.
- 18.-.Desenvolvemento de medidas específicas de atención ao alumnado con NEE.
- 19.- Desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 20.- Información da P: D. ás familias.
- 21.- Seguimento e revisión da P.D. ao longo do curso.
- 22.- Necesidade de eliminar algún aspecto da P.D.
- 23.- Necesidade de engadir algún aspecto a P.D.

9. Outros apartados